

revista galega de pensamento feminista inverno 2000 núm. 27 prezo: 700 ptas.

andaina



Entrevista:

Pascuala Campos de Michelena

■ BERTA REY W.

Para o presente número de Andaina estivemos falando con Pascuala, muller que, ademais de ter pertencido ó movemento feminista galego dende os seus inicios, é coñecida polo seu traballo como arquitecta, profesión que desenvolve dende que se licenciou. Na actualidade é, ademais, catedrática da asignatura de "Proxectos" na Escola de Arquitectura de A Coruña. A entrevista xirou arredor da súa profesión, do estado da cuestión e dalgunhas das múltiples reflexións que ten feito encol do tema.



A: ¿Tamén participaras nalgunha actividade colexial alá polos 70, non si?

R: Non exactamente. No ano 73 o Colexio de Arquitectos que era de Galicia e León sepárase constituíndose como independente. Daquela eu participaba nas xuntas colexiais porque os primeiros decanos preocupáronse de socializar o traballo dos arquitectos e de implicarse en casos de destrución territorial –caso da construción da Autopista–, ou patrimonial –edificio Castromil de Santiago–, nestas ocasións o Colexio pronunciárase pola ampliación e mellora da rede de ferrocarril en todo o territorio, mais todo aquilo

cambiou e, neste momento orienta a súa actividade a intereses profesionais moi limitados.

(...) o que se está a facer actualmente desastre en canto pezas individuais e como conxunto,...

A: E se houberse unha liña de continuidade dese primeiro Colexio co que existe na actualidade, ¿en que cres ti que debería centrar a súa actividade?

R: Probablemente na defensa de criterios non destructivos na arquitectura. Pensa que o que se está a facer actualmente é un auténtico desastre, desastre en canto pezas individuais e desastre como conxunto, como desenvolvemento urbano. O que aínda dá identidade a algunhas cidades son os cascos históricos porque están suxeitos a normativas moi restrictivas que permiten que se manteñan aínda que co problema de situacións de deterioro importantes. Pero é preferible isto a un deterioro construído, que ese non hai quen o

arranxe. Fíxate aquí en Pontevedra –e isto tivo falado con Patrimonio en máis dunha ocasión–, se miras ó río dende a praza de Santa María, antes o que vías eran os tellados de casas coma a que aínda se conserva fronte á igrexa, agora coas novas construcións da beiramar o que tes é un cinto que arrodea o casco histórico de traseiras de vivendas cunhas alturas descomunais e unha construción que é un horror.

A: ¿Cal é o papel de Patrimonio en todo isto?

R: Está moi limitado nas súas posibilidades de actuación: ten poucos técnicos para a vixianza e preservación, a parte de que isto tamén depende dos Concellos e das xuntas locais de Patrimonio que ás veces dan o visto bó a obras moi discutibles. O problema maior, sen embargo, é a inexistencia de conciencia cidadán que permite ós políticos manterse ailleos ó que se está construído. Se a isto sumamos a ineficacia de moitos técnicos e un sistema moi especulativo, o resultado é o que vemos.

A: Habería que sumar tamén o desacordo de moito propietario coa calificación de edificio protexido por impedirle especular tamén co solo urbano, ¿non pensas?

R: E que neses casos os concellos deberían subvencionar nun tanto por cento o custe das obras de conservación e adementamento. En Santiago agora hai unha intervención de apoio á zona vella que está a funcionar bastante ben, hai un equipo que asesora e recomenda actuacións... Pero en xeral, o que hai son máis plans especiais, máis escolas e mais arquitectos ca nunca e un resultado peor cada vez. E o capitalismo salyaxe este...

A: Si, que se aprecia especialmente ben nos ensanches o zonas de máis recente creación das cidades: rúas estreitísimas para un cada vez meirande parque móbil, mala construción e unha uniformidade na edificación tediosa e, na miña opinión, horrible. Unha das características que para min máis atractivos fai ós cascos históricos é a individualización de cada edificio.

R: Ben, pero se te fixas, os edificios dos cascos históricos manteñen unhas constantes en canto a materiais, tipoloxía da carpinte-



Centro de PP. de Actuacións da Illa de Arousa.

ria..., ás veces a variedade na continuidade é atractiva porque forma un entramado que a dota de consistencia. Agora, sen embargo, o que temos é uniformidade no horrible, se vas a unha cidade e agás o casco histórico, en caso de telo, tanto ten que esteas en Madrid, Pontevedra ou Albacete: uns viais con tráfico e unhas edificacións igual de arripantes que, iso sí, véndense como «viviendas de luxo, con equis baños—cuestión fundamental—, e porteiro automático», e logo son un desastre. O que interesa é o fluxo de cartos e isto tradúcese en todo.

A: Iso é determinante, pero hai outros factores que poderían influir no resultado para corrixir algo isto. Por exemplo, a técnica tivo un desenvolvemento moi rápido e espectacular, descúbrense novos materiais e novas aplicacións, cada vez hai menos limitacións, ¿que pasa, temos moita ferramenta pero non descubremos como ou para qué usala?

R: Hai campos nos que se avanzou moito, como bioloxía, informática, química e física, pero non en filosofía que afecta ó desenvolvemento humano, por outra parte, en arquitectura tampouco hai tanta cousa nova. Hai materiais como o PVC que están prohibidos por tóxicos, queda o aceiro, formigón e cristais que rompen a onda da luz evitando o requentamento interior. Hai técnica que permite mellorar a vida pero xeralmente os que se usan son os que máis se estropean. Se elixes os máis ecolóxicos e non tóxicos tes limitacións, por exemplo, un que se utiliza moito é o poliuretano expandido para aillamentos, pero é tóxico, moi inflamable e sela todo de tal forma que non deixa respirar á casa, así que non o elixes aínda que ofrezca outras vantaxes. Moitos materiais úsanse porque son máis baratos, como o aluminio, pero eu prefiro aqueles que dalgunha maneira me resulten máis próximos, logo as formas tampouco veñen tan determinadas polos materiais.

A: ¿Materiais tradicionais, naturais, da arquitectura popular?

R: Eu non son galega senon andaluza. Desde que vivo aquí teño outra relación coa pedra porque para min non existía, o meu eran os encalados cos que tiven unha relación moi directa, pero podes facer un moi bo edificio con

pedra, ladrillo encalado, madeira ou adobe. Góstanme os bos materiais, cálidos, e o máis importante para min é saber como levan o paso do tempo, se son resistentes e que tipo de pátina deixa neles a velez, pero non ten que ser un material en concreto.

A: Sí, pero dos que estás falando son aqueles que sempre usou a arquitectura popular...

R: A arquitectura popular o que facía era poñer en pé as posibilidades que existiron en cada momento para solucionar unhas necesidades que eran moi reais. Hoxe case podes dicir que, igual que nas cidades o aluminio nas carpinterías substituíu totalmente á madeira. Di ti que as madeiras de hoxe tampouco son coma as que seguían un secado natural, agora sécanse en secadeiros e unha vez traballadas teñen moito movemento indeseable o que as desencaixa, etc. Non creas con isto que estou condeando o aluminio, sí o seu uso e deseño, abúsase del e faise un so tipo de porta ou fiestra. Isto pasa tamén con outros materiais. Unha fábrica de aluminio que produce 10.000 portas á semana podería sacalas ben diseñadas. Pasa que non hai conciencia de que a vida deba participar do estético ¿sabes? E como se a xente pasase polo mundo sen preguntarse se o que ten lle gusta ou non. O fallo é de deseño, de pulcritude...

A: Iso que dis chámame a atención, porque eu vendo a arquitectura popular, feita con materiais da zona onde se realiza a edificación sempre pensei que configuraba unha determinada tipoloxía constructiva. Por exemplo, a pedra dá lugar a ocós máis pequenos, en consecuencia, a casa galega en pedra ten pouca luz natural... o material condiciona, tamén o clima ¿non?

R: En parte, pero é que antes a casa era un refuxio, agora é máis ben un escaparate cara ó exterior. Mudou o concepto, sobre todo nas cidades, aínda que ás veces mellor sería non ver o de fóra de feo que é.

A: ¿Débese a ese cambio de concepto o que en moita casa nova teña uns interiores moi cuida-

(...) agás o casco histórico, en caso de telo, tanto ten que esteas en Madrid, Pontevedra ou Albacete...

dos, amplos e cunha luz cenital impresionante, pero que ver o exterior faise unha empresa case imposible? Ténenme chamado a atención, sobre todo cando este concepto se translada ó campo, explicome: eu vivo no campo porque me gusta, e por iso quero ter unha relación directa con el, metelo na casa se pode... así que aí esa arquitectura moderna non me parece moi propia, a parte véxolle unha certa descompensación entre interiores luminosos e agradables e aspectos bunquerianos no exterior...

R: ¿Ti pensas que isto é unha tendencia xeral? Eu creo que case non se deben ver. En todo caso habería que ver que se pode definir como arquitectura moderna, se é o edificio que se abre ó exterior ou o que se pecha ó entorno. Mira, pola tarde estiven en Cangas, aquilo está horrible, e se o entorno está mal ¿Qué fas? Con calquer proxecto tes que ver a ubicación e buscar referencias boas, se

non tes ningunha no teu redor quedas sen referente. E unha mágoa porque cunha paisaxe tan fermosa coma a das rías baixas, o que está acabando con ela son as edificacións. E do que se constrúe ó longo das careceiras, mellor non falar...

A: Si, a construción popular intégrase moito mellor na paisaxe...

R: Porque a construción popular responde a necesidades de vidas variadas, agora a arquitectura é moi estereotipada e reduce ó mínimo esas necesidades. A casa de aldea necesitaba unha zona para chegar, outra para estar, unha de cobertizos ligada ó traballo, outra de almacenamento... Todo isto vai engadindo riqueza á edificación, ¿iso por que se substitúe? por comedor cociña e tres dormitorios. E unha limitación dentro do teu programa e dentro das necesidades que cada un ten. E isto tradúcese formal e constructivamente. O que resulta é pobre.

A: Si, débese en gran medida á falla de información, tamén ó nivel económico e á copia bastante acrítica do que se fai nas cidades, pensa na casa de pedra abandonada ó lado da nova de ladrillo ou alicatada onde viven os antigos donos.

R: Si, a cidade é un modelo que se trasladou a outro lugar pero perdendo o significado orixinal do que se copia. Pensa no absurdo que son os voadizos no campo: estás aplicando un recurso que ten un fin meramente especulativo e consiste en aproveitarse do espazo colectivo para gañar uns metros máis á construción. Isto no campo non ten sentido ningún. Ben, é un exemplo e eu tampouco estou de acordo en que se faga na cidade por moita explicación que teña. Funciona o modelo e funciona tamén que hai moito constructor que convence ó paisano de que opte por unha nova edificación porque unha rehabilitación é máis problemática e lle vai supoñer maior esforzo. Pero por outra parte este transvase de elementos de outro medio ou lugar non ten por que dar resultados negativos, pensa nas casas dos indianos, son casas espléndidas, é xente de cartos que trae unha información de fóra non estereotipada. Sempre se funcionou de forma parecida o que pasa é que antes facíase de xeito máis limitado porque cada casa



Cooperativa de vivendas de San Martiño (Pontevedra)

axustábase á vida de un e isto xa é unha riqueza de seu. Ademais, antes a aprendizaxe do foráneo era máis lenta, o que permitía unha mellor integración. Por outra parte, todos estes elementos importados son símbolos de ter accedido a outro estatus. Xeralmente a arquitectura á parte da finalidade que ten como vivenda cumpre un papel altamente representativo de quen vive nela e as máis das veces, un «chalé» se pensa que ten máis nivel ca unha casa máis serea, sinxela, máis limpa... o estatus gánase asumindo aspectos formais doutra xente que ten estatus, e a arquitectura é representativa de moitas cousas: de maneiras de vivir e de maneiras de querer vivir.

A: ¿E pensas que a iso mesmo pode deberse a utilización nas cidades de revestimentos como o granito pulido? Digoo porque recentemente, sendo un material caro, vinno caer de dous edificios de moderna construción.

R: Efectivamente estes revestimentos de chapados poden xogar malas pasadas, pero anécdota a parte, si, hai unha tendencia xeral a que toda construción que se pretenda importante presente unha fachada imponente o que se logra co uso de materiais como márbeis, cristais, aceiros, granitos pulidos... materiais que lle confiran un aspecto ostentoso. Se tes un obxecto insignificante pero é de ouro podes presumir del, igualmente, esas fachadas transmiten poder, se ti vives nese edificio suponse que estás participando de ese mesmo poder. Na vida hai moita mensaxe subliminal, e a arquitectura participa diso como a que máis. Non é inocente.

A: ¿Que che parece se falamos agora do papel da muller na arquitectura? Digoo porque eu ademais de ti e de dúas máis non coñezo arquitectas en exercicio nin aquí nin fóra.

R: ¿Si? Pois hainas. Neste momento do alumnado que eu teño podo dicir que o 40% ou máis son mulleres.

A: ¿Por que non se ven logo, non exercen? ¿Crés que as túas alumnas teñen a idea clara de exercer a profesión?

R: Si, o que pasa é que dentro da elite recoñecida é onde non se atopan mulleres, pero iso tamén pasa nas direccións xerais, equipos directivos de empresas...

A: Tampouco se ven moitas fóra destes círculos.

R: Vense máis en postos de despacho, supoño que será este un tipo de traballo que lles facilite o ocuparse da profesión, da familia e da vida sentimental. Teñen unha actitude ante o traballo diferente, e tamén pasa que as mulleres que traballan con homes son moito menos coñecidas ca eles. E un fenómeno moi xeralizado que el sexa socialmente máis recoñecido porque eles tamén pelexan por ese recoñecemento.

A: ¿ Non cres que poida ser por non ter que levar unha dirección de obra, por exemplo, e ter que lidiar con capataces, constructores, etc. etc... dende a túa condición de muller, que isto bote para atrás a moitas?

R: Non, non, porque curiosamente a muller leva moita dirección de obra.

A: Ben, supoño que veremos máis mulleres nun futuro inmediato, o que pasa é que as que se deberían ver agora son as da túa idade, ¿como era a túa Escola en canto a isto?

R: No meu curso éramos cinco mulleres e o resto homes. Nos as cinco tivemos unha vida familiar bastante intensa. Por outra parte, todas casamos con arquitectos, porque con tanto home tiñamos moito onde elixir, e unha vez casadas traballabamos xuntos, co que o protagonismo levárono eles a maior parte das veces porque, como che dicía antes, buscaban máis este recoñecemento e tamén porque dedicáronse a –segundo este termo tan de moda– «mingunear» o traballo das súas mulleres. Por isto non se ven a moitas profesionais coñecidas, pero hainas. Mira, Miralles, un arquitecto moi recoñecido que morreu fará uns 4 ou 5 anos, traballou sempre coa muller, Pilar Pinós, coñecida pero menos. Os encargos capitalizábaos el, dende á súa morte ela seguiu a traballar na arquitectura coma sempre, pero agora ten moitos menos encargos

A: ¿Pensas que mulleres e homes dánlle un enfoque distinto á profesión?

R: En xeral si. As mulleres, e non quero dicir que isto non poida cambiar co tempo, van traballando a partir de procesos máis in-

(...) a arquitectura é representativa de maneiras de vivir e de maneiras de querer vivir.

crustados na realidade: isto teño, os pasos a seguir son estes... e dunha maneira menos impositiva ca dos homes, son máis introspectivas, en xeral, establecen a relación co obxecto máis dende o interior. Os homes funcionan máis coa abstracción da idea fóra da verificación desta, do seu desenvolvemento.

A: Isto pódese interpretar como que os homes teñen unha maior capacidade de abstracción.

R: Non o creo. O que pasa é que son menos dados a implicarse. As mozas teñen -e volvo

(...) a procura do recoñecemento é bo a cuestión é que estás disposta a dar a cambio.

a dicir en xeral- un sentimento maior de responsabilidade co que teñen que facer. Ademais os homes, segundo o modelo masculino, teñen un proceso de identificación maior co que se fai non co que se é. E coma unha especie de xustificación existencial «se fago e se ve, vallo», mentres


que a muller é máis «primeiro son e en función disto, fago».

A: Ben, pero moitas veces o ter tan claras as dificultades ou limitacións non transmite unha sensación de maior realismo por parte da muller, senon que se pode interpretar como unha maior inseguridade e a inseguridade non vende.

R: É certo. Pero eu non penso que a actitude dos homes sexa tan de comerse o mundo como a procura do recoñecemento o cal é bo pero tamén ten a súa parte negativa porque a cuestión é que estás disposta a dar a cambio. Agora hai moitas máis mulleres que están moito máis centradas na súa profesión ca en aspectos familiares e, en consecuencia levan a outra carga como é a loita porque se lles considere. Antes a casa era o único mundo para a muller, hoxe ese mundo ampliouse, pero aínda seguen a estar moi presentes os valores tradicionalmente establecidos, e polo momento, o que coma sempre descansa enteiramente sobre as mulleres é o de ser o único factor de integración familiar. Isto existe incondicionalmente e esixe poñer en orde ou a túa profesión ou a túa condición de factor integrador. Agora as rapazas casan máis tarde ou non casan, teñen fillos

ou non e non consideran que o seu maior logro sexa a maternidade. Existe a capacidade para que sexa unha elección. Dase o caso tamén dalgunhas mulleres que o que fan é asumir o modelo masculino. Considero negativo porque se desarraigan de si mesmas. Ben, penso que hai modelos sexuais, tanto o feminino coma o masculino, moi estereotipados, o que pasa é que a muller está rompendo co seu, mentres que o home aínda ten moito apego a ese modelo. En canto a isto a muller é moito máis transgresora.

A: ¿Custouche moito a ti levar unha vida como profesional e como muller?

R: Por suposto. Para levar ben todo o que na meirande parte dos casos depende de nos precisaríamos ter o dobre de tempo cós homes, pero temos o mesmo. Está moi ben ter un coñecemento e participación en moitos aspectos da vida e non estar limitadas o que se desenvolve entre as catro paredes da casa, mais isto esixe moito esforzo, esixe cambiar de chip unha chea de veces por día e este salto de chip custa e desgasta. De todos xeitos, mália todo, o que si se nota é, en xeral, unha actitude algo distinta entre os rapaces de agora e os de antes e isto se non involuiona, que pode pasar, é esperanzador. 



Cooperativa de vivendas de San Martiño. (Pontevadra)